



## ELECCIÓN DE REPRESENTANTES NAS XUNTAS DE CENTRO E NOS CONSELLOS DE DEPARTAMENTO

### PROCLAMACIÓN DEFINITIVA DE CANDIDATOS/AS ELECTOS/AS

De conformidade co Regulamento Electoral Xeral da USC e a convocatoria de eleccións de representantes de estudantes nas Xuntas de Centro e nos Consellos de Departamento,

A Comisión Electoral Central, acorda:

- 1.- Corrixir de oficio o erro detectado na proclamación provisional de candidatos/as electos/as do sector de alumnado de doutoramento do Departamento de Xeografía, xa que non se aplicara correctamente o criterio establecido no artigo 50.4 do Regulamento Electoral Xeral para resolver os empates, que indica que se debe proclamar aos candidatos/as de maior idade. Corrixese o erro incorporando como candidato electo a don Manuel Rodríguez Rodríguez en substitución de don Gonzalo Gómez Rey.
- 2.- Incorporar a agrupación electoral nas listaxes de proclamación definitiva de candidatos/as electos daquelas circunscricións nas que non houbo votación, xa que por erro non figuraba nas listaxes provisionais.
- 3.- Proclamar electos/as definitivos aos candidatos/as que se relacionan nas listaxes adxuntas.

A relación publícase na web electoral [www.usc.es/eleccion2021](http://www.usc.es/eleccion2021), e nos taboleiros electorais.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativo, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2021

O presidente da Comisión Electoral Central

Fernando Antonio Vázquez-Portomeñe Seijas

Taboleiros electorais da Reitoría e da Vicerreitoría de Coord. do Campus de Lugo;